

BANDO

AMPLIACIÓN DE HORARIO FESTAS DO ENTROIDO 2024 NO CONCELLO DE OUTES.

**D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAI
SABER:**

Con motivo das Festas do Entroido 2024 no Concello de Outes, acórdase a ampliación de horario de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

PRIMEIRO.- Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecementos públicos, en todo o termo municipal, **durante as noites do VENRES (09/02/2024) e MARTES (13/02/2024).**

SEGUNDO.- Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, **serán aqueles que consten con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

A prolongación do horario permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

TERCEIRO.- Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde,
D. Manuel González López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

